



Expediente núm.: 2498/2023

Actividade: Planificación e ordenación de persoal

Procedemento: Planificación e ordenación de persoal

Asunto: Selección de persoal laboral e creación dunha Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2024 - 2025

Actualización da quenda de reserva

Categoría profesional: Monitor ocio e tempo libre (IV)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

- O 18.03.2024 dítase Resolución de Alcaldía núm. 2024 – 0252, que establece o que copiado literalmente di:

“Sexto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2024 – 2025:

	APELIDOS E NOME	NIF aleatorio	EXENTO GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONA L (Máx. 5 ptos.)	FORMACIÓ N (Máx. 3 ptos.)	ENTREVISTA CURRICULA R (Máx. 12 ptos.)	TOTAL
							PUNTOS
1	Iglesias Fernández Amparo	7*7***28T	Si	5	1,9	11,5	18,4
2	Vázquez Arias Iria	***971*5B	Si	2,1	3	10	15,1
3	Fernández Pérez Aranzazú	***772*3C	Si	0	0	9,75	9,75
4	Penedo González Rebeca	4**55*9*W	Si	0	1	8,25	9,25
5	Blanco Reigada Mónica	**72*4*9C	Si	0,3	0	6,5	6,8

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.”

- O 13.09.2024 causa baixa por finalización de contrato temporal, na categoría profesional de “Monitor ocio e tempo libre”, o/a traballador/a que se detalla a continuación:

✓ Sonia Gómez Sánchez, con DNI núm. ****3657*

- O artigo 13 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións temporais para os exercicios 2024 – 2025 no concello do Pereiro de Aguiar na categoría profesional de “Monitor ocio e tempo libre”, dispón literalmente o seguinte:

“13º.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

A bolsa de emprego terá carácter rotatorio e o chamamento realizarase conforme ao disposto no artigo 15 destas Bases en función das vacantes de postos que xurdan nas categorías profesionais de Monitor/a de ocio e tempo libre (IV), Operario de servizos varios (V), Limpador/a de instalacións municipais (V) e por rigorosa orde de puntuación.

De producirse renuncia expresa ou nos termos previstos no dito artigo 15 a persoa aspirante pasará ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran circunstancias que impidan o





desempeño do posto e que sexan acreditadas debidamente. Nestes casos respectarase a orde da persoa aspirante na lista para cando se produza a próxima vacante.

A persoa que entrase a traballar, unha vez finalizado o seu contrato de traballo, se este acaba os 6 meses de duración (nun período de 12 meses) pasará a ocupar o último lugar da bolsa de emprego.

Se o contrato ou sucesivos contratos de traballo finalizados non acadasen os 6 meses de duración (nun período de 12 meses) reincorporarase á bolsa de emprego na posición que tivese no listado a efectos de ser incluído en novos chamamentos.”

Visto o disposto no artigo 13 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións temporais para os exercicios 2024-2025 no concello do Pereiro de Aguiar na categoría profesional de “Monitor ocio e tempo libre”, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Actualizar a quenda de reserva para os efectos oportunos, establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións temporais para os exercicios 2024-2025 no concello do Pereiro de Aguiar na categoría profesional de “Monitor ocio e tempo libre” (artigo 15):

	APELIDOS E NOME	NIF aleatorio	EXENTO GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONA L (Máx. 5 ptos.)	FORMACIÓ N (Máx. 3 ptos.)	ENTREVISTA CURRICULA R (Máx. 12 ptos.)	TOTAL
							PUNTOS
1	Iglesias Fernández Amparo	7*7***28T	Si	5	1,9	11,5	18,4
2	Vázquez Arias Iria	***971*5B	Si	2,1	3	10	15,1
3	Gómez Sánchez Sonia	4*4*3*5*L	Si	3,4	0,8	9,5	13,7
4	Fernández Pérez Aranzazú	***772*3C	Si	0	0	9,75	9,75
5	Penedo González Rebeca	4**55*9*W	Si	0	1	8,25	9,25
6	Blanco Reigada Mónica	**72*4*9C	Si	0,3	0	6,5	6,8

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Segundo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Cuarto.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
Alejandro Martínez Sánchez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

